



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G010/000008

Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 24 de setembro de 2026 (xoves), ás 20:00 horas,** coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2026.

2º.- Aprobación inicial da modificación do artigo 42 das Bases de Execución do Orzamento vixente (subvencións nominativas).

3º.- Conta Xeral 2025.

4º.- Mocións de urxencia (artigo 91.4 e art. 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

6º.- Mocións (artigo 46.1, letra e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

7º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).